

***Invocación da Asociación de Periodistas de Galicia
ao Apóstolo Santiago o día 24 xaneiro do Ano Santo de 2010.
Catedral de Santiago.
Oferente, Gerardo González Martín***

Noso señor Sant Iago

Permíteme, señor, dirixirme a ti como xornalista, sen pretender representación de todo colectivo, e aínda que alleo á soberbia si coa esperanza de que sequera algúns profesionais poidan sentir como propio o que aquí che diga. Esta actividade nosa, que uns consideran oficio e outros profesión, ten de antigo a característica de poñerse ao servizo dos intereses xerais, en ocasións defende as apetencias de grupo e ata de particulares, pero de sempre nos medios de comunicación foron os nosos propios intereses os últimos en ser reivindicados. Así, podería parecer que estamos establecidos nunha Arcadia feliz, e nada máis lonxe da realidade.

Vivimos a que sen dúbida podemos considerar a crise máis profunda da actividade xornalística en moitos anos. Os ingresos publicitarios das empresas reducíronse de forma drástica e as vendas tamén se resenten seriamente, sexa pola competencia das novas tecnoloxías e quizá non menos polo desinterese dos mozos á prensa escrita. Neste contexto, as máis cruas predicións daban por feito hai menos de 14 meses que dende entón e a estas datas estaríamos en 3.000 parados, que xa superamos. Os centros universitarios seguen preparando profesionais para un mercado absolutamente insuficiente: fronte aos 25.000 postos nos medios de comunicación de toda España, nos últimos trinta anos saíron das aulas case 70.000 licenciados en xornalismo. Sorprende que haxa tanto mozo cunha vocación tan firme como para estudar comunicación á vista deste panorama, tendo case por seguro que van terminar nas listas do paro. Neste panorama, señor Santiago, suplicámoste a túa poderosa axuda para todos aqueles profesionais, non so xornalistas, que están a sufrir as consecuencias da crise económica nas súas familias.

Quiero decirte, Apóstol Santiago, agora en mi lengua materna, que nuestra profesión tiene más problemas que los que afectan a la crisis, va más allá del duro día a día de los nuevos profesionales que quisieran para sí ser mileuristas. Cabe poner como ejemplo algo de muy difícil solución y que se da especialmente en el medio televisión, se trata de los que se avienen a protagonizar espectáculos degradantes y pasan por ser periodistas para el espectador. En ocasiones, son incluso realmente periodistas, que si cabe por ello nos degradan más. Por otra parte, se ha perdido en gran medida el avance que se dio un día, para que las redacciones ejercieran cierto contrapeso a la patronal del propio medio. Y entre los problemas vivos que no conviene olvidar están las malas prácticas de algunos

colegas, que en no pocas ocasiones, quizá por la multiplicidad de fuentes que nacen cada día, entran en el cómodo juego de no contrastar suficientemente los hechos.

No con poca frecuencia, señor Santiago, se puede tener la impresión no solo de que los periodistas no hemos avanzado en la defensa de nuestros intereses en los medios, sino que en el mismo ámbito y como colectivo profesional, por la dejadez de algunos, defendemos con menos rigor a los demás ciudadanos. Olvidando cuando tal ocurre que para muchas personas uno no es otra cosa que lo que digan que es los periódicos, la radio o la televisión.

Axúdanos, Apóstolo Sant Iago, non só aos crentes senón tamén aos non crentes que se deixen axudar, a superar a crise e os seus efectos na nosa actividade, pero tamén a que sexamos capaces de defender en todo momento e sen fisuras o exercicio digno da nosa profesión, do que dependen tantos e tantos prestixios. Axúdanos a **pór sempre por diante a verdade.**